

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E VIDA
SAUDABLE DO DÍA 19/06/2026**

ASISTENTES

PRESIDENTE: D. JORGE CUBELA LÓPEZ

VOGAIS: D. PAULA BOUZÓS BARROS en substitución de D^a. LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ

D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME

D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO

D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA

D^a. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ

D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO

D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA

D^a. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

D. GREGORIO LUIS AGIS GÓMEZ

D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ

D^a. NURIA RODRÍGUEZ RODRIGUEZ

D. GORKA GÓMEZ DÍAZ

D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN

D. BEATRIZ LOMBA RODRIGUEZ

D^a. MARIA ORTEGA IÑARREA

Sendo as doce horas e trinta minutos do día dezanove de xuño de dous mil vinte e seis, reúnense no Pazo Provincial os/as Sres./Sras. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Jorge Cubela López. Actúa como secretaria a xefa de sección do Servizo de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, D^a. Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión polo Presidente, procédese ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo ningún reparo, apróbase por unanimidade a acta da sesión celebrada o día vinte e dous de maio de 2026.



2.- Dar conta das bases reguladoras para a concesión de "BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA AO DEPORTE DE ALTO NIVEL E AO TALENTO DEPORTIVO DA PROVINCIA NO ANO 2026 VINCULADAS AO RECOÑECIMENTO DAS CATEGORÍAS PROVINCIAIS DEPO_DAN, DEPO_DAN+ E DEPO_TALENTO".

O presidente dá conta bases reguladoras para a concesión das axudas da Deputación de Pontevedra ao deporte de alto nivel e ao talento deportivo da provincia no ano 2026, vinculadas ao recoñecemento das categorías provinciais DEPO_DAN, DEPO_DAN+ e DEPO_TALENTO.

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión das axudas da Deputación de Pontevedra destinadas a apoiar o deporte de alto nivel e o talento deportivo da provincia, vinculadas ao recoñecemento das categorías deportivas provinciais DEPO_DAN, DEPO_DAN+ e DEPO_TALENTO.

Poderán beneficiarse destas subvencións as persoas físicas nadas ou empadroadas na provincia de Pontevedra, cando menos, desde el 1 de enero de 2025, 1 de xaneiro de 2025, que acrediten os resultados deportivos e cumpran os requisitos establecidos para o recoñecemento das categorías DEPO_DAN, DEPO_DAN+ e DEPO_TALENTO no ano 2026.

3.- Dar conta do "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O GRUPO DEPORTIVO SUPERMERCADOS FROIZ PARA AXUDAR Ó FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE PARTICIPACIÓN NA COPA DE ESPAÑA ÉLITE-SUB23".

O presidente da conta do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Grupo Deportivo Supermercados Froiz.

Este convenio ten por obxecto regular a concesión da subvención prevista nominativamente no Orzamento 2026 da Deputación de Pontevedra ao Grupo Deportivo Supermercados Froiz como club da provincia que participa na Copa de España Estrada Elite e Sub-23 e contribuír ao financiamento dos gastos derivados da actividade competitiva durante a tempada 2026, desde o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro do mesmo ano.

A subvención, imputada á aplicación orzamentaria 26/340.3410.489.02, ten unha contía de 40.000 euros.



4.- Dar conta do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CLUB DE REMO CHAPELA PARA AXUDAR Ó FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE PARTICIPACIÓN NA EUSKOLABEL LIGA”.

O presidente dá conta do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Club de Remo Chapela.

Este convenio ten por obxecto regular a concesión da subvención prevista nominativamente no Orzamento 2026 da Deputación de Pontevedra ao Club de Remo Chapela, como club da provincia que participa na máxima categoría do remo de banco fixo de traíñeiras, a Eusko Label Liga, e contribuír ao financiamento dos gastos derivados da súa actividade competitiva durante a tempada 2026, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro.

A subvención, imputada á aplicación orzamentaria 26/340.3410.489.02, ten unha contía de 35.000 euros.

3.- Rogos e preguntas.

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo ás doce horas e cinco minutos do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu, Secretaria, dou fe.

